

# **MEMORIA DESCRIPTIVA**

**SUBMINISTRO DE TRACTOR E DUAS  
DESBROZADORAS: DE BRAZO E ARRASTRE**

**(TOURO - A CORUÑA)**

**Setembro 2017**



# **MEMORIA**

**MEMORIA DESCRIPTIVA**  
**SUBMINISTRO DE TRACTOR E DUAS DESBROZADORAS:**  
**DE BRAZO E ARRASTRE**  
**(TOURO-A CORUÑA)**

**I ANTECEDENTES**

Redáctase a presente Memoria Descriptiva a petición do Concello de TOURO, ó obxecto de definir e valorar o vehículo e os citados apeiros que lle permitan a súa adquisición á maior brevidade posible.

**II OBXETO E FINALIDADE DA SUBMINISTRACION**

Preténdese a adquisición de 1 tractor e 2 desbrozadoras: de brazo e arrastre para acoplar a tractor e cuxos usos principais a desenvolver serán:

- Traballos de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.
- Tarefas no eido medioambiental tales como, limpeza de cunetas das vías públicas municipais, limpeza de entornos en parques, áreas de recreo...,
- Obras municipais, transporte de materiais...

Tanto o vehículo como os apeiros deben reunir as características que se indican no Prego de Condicións Técnicas Particulares que acompaña á presente Memoria.

**III DESTINO DE INTERESE PUBLICO AO QUE SE ADSCRIBIRA**

Desbroce e limpeza de gabias que como é sabido, dadas as condicións do clima galego, esixen varias limpeza anuais para manter a rede viaria local en condicións de seguridade axeitadas e minimicen o alto risco de incendio que o desmesurado crecemento da maleza nos bordes e outros entornos provocan, resultando difícil e costoso para as arcas municipais.

Os apeiros serán totalmente desmontables, de xeito que permita o uso do vehículo para traballos de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.

### III PRAZO DE ENTREGA E GARANTIA

Considérase necesario e suficiente un prazo de DOUS (2) meses para o subministro, a contar dende a orde de encargo.

Prazo de garantía, DOUS (2) ANOS.

### IV PRESUPOSTO

UD.	Concepto	Prezo unitario €	TOTAL €
1,00	Vehículo tractor e dúas desbrozadoras: de brazo e arrastre para acoplar a tractor	90.000,00	90.000,00
	Presuposto Base Licitación (Sen IVE)		90.000,00
	IVE 21%		18.900,00
	TOTAL (IVE incluído)		108.900,00

Ascende o Presuposto Base Licitación (Sen IVE) á cantidade de NOVENTA MIL EUROS (90.000,00 €)

Ascende o Presuposto Total (IVE incluído) á cantidade de CENTO OITO MIL NOVECENTOS EUROS (108.900,00 €)

TOURO, setembro 2017  
O Enxeñeiro de Camións

  
Asdo. Julio C. Rojo Martínez.

# ***PREGO DE CONDICIÓN***

## **PREGO DE CONDICIONS TECNICAS PARTICULARES**

### **SUBMINISTRO DE TRACTOR E DESBROZADORAS: DE BRAZO E ARRASTRE**

**(TOURO-A CORUÑA)**

#### I OBXETO DO CONTRATO

Adquisición de 1 tractor e 2 desbrozadoras: de brazo e arrastre para acoplar a tractor e cuxos usos principais a desenvolver serán:

- Traballos de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.
- Tarefas no eido medioambiental tales como, limpeza de cunetas das vías públicas municipais, limpeza de entornos en parques, áreas de recreo...,
- Obras municipais, transporte de materiais...

Tanto o vehículo como os apeiros deben reunir as características xerais que se describen a continuación.

#### II CARACTERISTICAS XERAIS

Os apeiros serán totalmente desmontables, de xeito que permita o uso do vehículo para traballos de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.

## **VEHICULO TRACTOR**

Deberá reunir cando menos as seguintes características:

a) Motor:

- Potencia mínima 120 CV
- Par máximo: 500 Nm (a 1.300 – 1.400 rpm)
- 4 cilindros mínimo
- Con filtro de aire

b) Transmisión e caixa de cambios:

- Embrague accionamento hidráulico ou electrohidráulico
- Inversor electrohidráulico baixo par

c) Toma de forza:

- Disco de embrague independente
- Accionamento electrohidráulico cun mínimo de 2 velocidades (540/1000 rpm)

d) Equipo hidráulico:

- Forza alzamento brazo: en función da desbrozadora de brazo
- Circuito hidráulico: caudal mínimo de 95 l/min

e) Outras:

- Angulo de xiro de dirección: 55 grados
- Cabina insonorizada con calefacción e aire acondicionado

## **DESBROZADORAS**

As desbrozadoras deberán reunir cando menos as seguintes características e estarán equipadas con:

**Cabrestante:**

- Forza de tiro mínima: 8.000 kg
- Mínimo 50 m. de cable de 14 mm. de diámetro
- Accionamento hidráulico e reversible

### **Desbrozadora de arrastre:**

- Desbrozadora de enganche traseira
- Con rotor de martelos ou de cadeas
- Desprazamento hidráulico lateral e vertical do tractor
- Ancho de traballo mínimo: 1,65 m.

### **Desbrozadora de brazo:**

- Cabezal adiantado
- Alcance: 3 – 5,5 m.
- Cabezal de 1,15 -1,25 m. adaptable a cuchillas e martelos con dobre senso de xiro reversible e rotación
- Sistema de refrixeración axeitado

### Medición e abono

. Por unidade completa, totalmente instalada.

### Garantía

. Polo menos dous anos.

A recepción dos equipos impartirase un curso de capacitación para o persoal que vai a desenvolver as tarefas e entregarse o correspondente libro de mantemento e repostos.

TOURO, setembro 2017  
O Enxeñeiro de Camiños



Asdo. Julio C. Rojo Martínez